

Gregorio San Juan: Seis poemas galegos e un polígloto

Xesús Alonso Montero

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ALONSO MONTERO, XESÚS (2012 [1992]). “Gregorio San Juan: Seis poemas galegos e un polígloto”. *Dorna*: 19, 83-98. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1917>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

ALONSO MONTERO, XESÚS (1992). “Gregorio San Juan: Seis poemas galegos e un polígloto”. *Dorna*: 19, 83-98.

* Edición dispoñíbel desde o 5 de marzo de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

GREGORIO SAN JUAN:
SEIS POEMAS GALEGOS
E UN POLÍGLOTO

Xesús Alonso Montero

LIMIAR

1.- *Auto-fonía e alo-fonía.*

Os poetas *auténticos*, como é ben sabido, xóganse a vida nas palabras, e neste xogarse a vida non sempre acertan coa palabra feita e dereita, mesmo cando o fan na súa lingua *auténtica*, porque o idioma, como proclamou Bécquer, é “rebelde” e “mezquino”. O poeta *auténtico* está condenado a escribir desde a *autofonía*, lonxe de tentadoras *alofonías*; o poeta *auténtico* conta ou canta a vida desde a súa casa, desde a súa verdadeira lingua, que, como aseverou Heidegger, é a casa do ser (“das Haus des Seins”). Non basta, pois, con escribir galego nin sequera en galego; imponse escribir *en galego desde* o galego. Luís Pimentel, poeta auténtico como poucos, tiña o castelán como casa máis propia. De feito, cando escribe no noso idioma, se é que algunha vez o fixo, funciona como un alófono na súa terra: escribe desde unha casa un tanto allea.

Acontece, sen embargo, que grandes poetas —auténticos, por tanto— en certas ocasións emigran, ou sexa, abandonan o seu natural domicilio lingüístico e petan á porta dunha casa que non é a propia, se ben ingresan nela cunha certa familiaridade. Pénsase, por exemplo, no inglés Hopkins cando escribe poemas en galés ou no grego Papadiamantopoulos que poetizou en francés antes de residir en Francia e asinalas súas composicións co nome de Jean Moréas. Sucede, ás veces, que emigran, con certo éxito, a códigos idiomáticos non falados (só escritos), ó latín, por exemplo: é o caso do inglés Landor, no século pasado, e do italiano Paoli,

neste. Sen dúbida, as palabras da casa semiallea son máis “rebeldes” e esquivas cás da propia, pero é certo tamén que o voluntario emigrante comprométese co novo código porque quere contar ou cantar certas realidades coas palabras e cos xestos máis vencellados ó “espírito” desas realidades. Só isto —ou algo moi semellante— lexitima, en parte, que un poeice desde casa forasteira, desde unha lingua que non é a da súa radical instalación.

2.- *Fatura de alófonos en galego.*

Os textos poéticos formulados en lingua galega por escritores doutras casas (doutras instalacións) son, en cantidade, moitos, e, en calidade, ás veces, valiosos. Tales textos constitúen, sen dúbida, un capítulo importante na historia do noso discurso poético.

Máis ou menos anecdóticas son as incursións no noso idioma do andaluz Francisco Rodríguez Marín (1885), do santanderino Gumersindo Laverde (1888), dos portugueses José Leite de Vasconcelos e Joao Verde (1902)... e tamén unha moi anterior, a do castelán José Guerrero Lasso de la Vega, que participou nas Festas Minervais de Santiago de 1679. Xa de cheo no XX son incursións máis ou menos deste tipo as do arxentino Víctor Luis Molinari, as do andaluz Alfonso Ramos e as do holandés B.N. Teensma, entre outros, e posúen unha certa entidade as aportacións dos seguintes autores: o catalán Miquel Ventura Balañá (*Fala armoñosa, non morrerás*, 1916), o arxentino Eduardo Jorge Bosco (sete poemas, 1939), o guatemalteco Manuel J. Arce y Valladares (*Dende o fondo canta o río*, 1966) e o inglés Gerald Denley



Reimundo Patiño

(1973, 1979). Dous importantes poetas europeos escribiron no noso idioma: o catalán Carles Riba (1911) e o granadino Federico García Lorca (1932, 1935), aquel nun galego moi aceptable; verbo de Lorca cómpre dicir que a feitura literaria dos *Seis poemas galegos* ten impresionado, cando non marabillado, a propios e extraños, se ben hoxe sabemos, por unha carta de Ernesto Guerra da Cal, que este actuou, no proceso de creación, de “diccionario viviente” do poeta andaluz, polo menos en cinco dos seis poemas.

Libro dunha sorprendente autenticidade é o da estadounidense Anne Marie Morris (*Voz fuxitiva*, 1964), poetisa monolingüe que nos fai esta aclaración: “Eu non escollín o galego; o galego escolleume a min”. Cando en poesía se xoga a fondo, é dicir, cando a poesía vai máis alá do xogo ou do exercicio literario, un non posúe este ou aquel idioma, é o idioma ese quen posúe a un.

Valiosos exercicios literarios son os do

andaluz Juan Pérez Creus (*As cancións dise amor que se diz olvido*, 1951, *As derradeiras pombas do serán*, 1990), a portuguesa M^a Manuela Couto Viana (*Frauta lonxana*, 1964) e a valenciana Matilde Lloria (*Caixiña de música*, 1971). Quizais nalgúns dos poemas destes autores a escritura trascenda o exercicio literario.

Non considero escritores alófonos a foráneas como M^a Victoria Moreno ou Ûrsula Heinze. O idioma galego nelas é unha experiencia de non poucos anos, pero, sobre todo, unha experiencia (falar, escribir, explicar...) querida e moi conscientemente asumida. O alófono, o alófono puro, é moi distinto. Bosco, bonaerense, cortexa en 1939 a unha rapaza nacida en Vilanova de Arousa, Pepita Sabor, rapaza en cuia casa, onde, ás veces, se oía galego, hai algúns libros en galego; así as cousas, o poeta, alleo ós intelectuais galegos do exilio e a calquera idea política de “defensa” dunha lingua minorizada,

escribe, en tres días de agosto, sete poemas no noso idioma, código que puña nas súas mans signos e modos máis consubstanciados coa atmósfera espiritual que quere expresar. Tal fixo Lorca nas súas seis composicións, e importa só secundariamente a axuda de “diccionario vivente” de Guerra da Cal.

3.- *Gregorio San Juan: vida e poesía.*

Nacido en Melgar de Yuso (Palencia) o 18 de novembro de 1928, reside en Vizcaya desde 1931, primeiro en Baracaldo e logo en Bilbao. Licenciado en Dereito, estudiou Maxisterio e Filosofía e Letras, carreiras que non terminou. Foi funcionario da Caixa de Aforros Municipal onde acaba de xubilarse voluntariamente. No Bilbao anterior e posterior á morte de Franco adicou horas e horas ás Letras, a súa paixón: lecturas, tertulias, proxectos literarios, colaboración nos xornais, presenza nas revistas... Antes e despois de 1975 o seu nome conta e pesa na cultura socialista do País Vasco, un socialista que se amosa hoxe moi crítico co PSOE. Interesado hai anos pola lingua e literatura vascas, este esquerdista rexeita certos contidos e certas formas do nacionalismo vasco. Pero, como é “home de palabras”, non proscribe ningunha a priori polo feito de formulárense no código que el non practica.

Gregorio San Juan, home de moitas lecturas e devoto de non poucos poetas, altera, ás veces, a súa verdadeira voz para escribir no ronsel que algunhas voces amadas deixaron. Repárese no breve volume de 1962 (Bilbao), titulado *Arte menor* pero subtítulado “Dedicatorias / Ejercicios de retórica / Imitación de diversos”. Aínda así, no poema prologal, “Autopoema”, de 1955, aparece a súa voz e o seu voto:

*Pero creo en la rosa colectiva
y en la palabra urgente y constructiva.*

San Juan, aínda en tempos en que “non se leva” a poesía social (e que non está ben vista), comprométese cun poema como “Digo quienes componen mi pueblo”, onde, despois de citar, en 36 versos, 67 oficios

(torneros, enyutadores, sopleteros, gasistas, zincadores...), conclúe

*que con tan nobles materiales
podría hacer un buen poema.*

Como autor de ensaios e artigos unha preocupación importante é o socialismo e algúns dos grandes escritores socialistas vascos, sobre todo Miguel de Unamuno (que o foi de 1894 a 1896) e Tomás Meabe. Desde unha postura “de esquerdas” rexeita non poucos signos e modos de nacionalismo vasco autodito radical, nacionalismo que San Juan considera reaccionario. Escribir e subscribir estes planteamentos no País Vasco implica unha valentía intelectual (e persoal) digna de recoñecemento, recoñecemento que non sempre teñen homes como Gregorio San Juan.

4.- *Un alférez palentino que le a Horacio en galego.*

Lector ávido, Gregorio San Juan encontra reproducido, nun número da revista *La Lectura*, o poema “A emigración” de Curros Enríquez. Rapaz aínda (16 anos), a lingua do poeta, o galego, e a dimensión civil do poema marcarán para sempre a Gregorio San Juan. Sen saír da adolescencia lerá outras páxinas no noso idioma, e en 1954 fará as Prácticas da Milicia Universitaria en Santiago (catro meses) e en Parga (dous). Este mozo tan plural e tan aberto ós idiomas pasa, do galego das bibliotecas, ó galego dos soldados, das aldeas de Guitiriz, das tabernas de Compostela... Pero o alférez anda á procura de libros, eses entrañables libros que a editorial Galaxia publicaba neses anos, berce do noso Segundo Rexurdimento. Sexa el mesmo quen nolo refira: “Mi impresión de Galicia, en lo que a la vida cultural se refiere, fue muy positiva. Se había despertado, tras el silencio impuesto por la guerra, una fiebre nueva, un cultivo interno de la literatura vernácula. Se había fundado hacía pocos años la editorial Galaxia y la revista *Grial*. El diario de Santiago *La Noche* dedicaba sus páginas a la vida literaria y cultural. Mi asombro fue muy grande cuando adquirí, traducida... *Da esencia da verdade*, de Hei-

degger... De esto, de este entusiasmo mío de entónces hablé mucho a Gabriel Aresti cando se iniciaba en el cultivo del vascuence. Le presté libros... ("Gabriel Aresti treinta y cinco años...").

Destes anos é o inicio do libro de poemas en galego *Galicia hastra os teus beizos*, "mezcla de libro de amor y de emocioario gallego". Desde eses anos as súas lecturas preferidas foron: "La inevitable Rosalía y, sobre todo, Curros, y de los contemporáneos Manuel Antonio, Iglesia Alvariño, Luís Pimentel, Díaz Castro, Celso Emilio Ferreiro y Antonio Tovar Bobillo. Si tuviera que añadir más nombres citaría a Novoneyra, Cuña Novás; También Rey Romero ("o escolán dos melros"), Cunqueiro, Seoane, Lorenzo Varela, Manuel María. De los prosistas, Otero Pedrayo, Cunqueiro, Ánxel Fole, Castelao". Noutro lugar desta carta (7-1-91) fala dos trobadores: "Me interesan los poetas de los Cancioneiros: Nuno Fernandes Torneol, Mendiño, el prodigioso Martín Códax..."

Gregorio San Juan casa, en 1958 con María Fernanda Iglesia Lesteiro, pontevedresa, filla do historiador exiliado Ramón Iglesia Parga e de Raquel lesteiro, profesora de Latín no Instituto de Pontevedra. Desde esas datas as estancias en distintos lugares da provincia de Pontevedra, case sempre en vacacións, foron moitas. Cónstanos que, en cada viaxe, incrementa a súa biblioteca galega.

Gregorio San Juan, que sabe varios idiomas, é capaz de escribir, cando está fora da casa, poemas en galego, en catalán e en francés. Bo estudante de latín, ten feito exercicios poéticos nesta lingua, un deles particularmente interesante para nós. Titúlase "Ad angelum de musis alterius temporis" e foi redactado en 1954, o ano do seu primeiro contacto con Galicia. Lector de Aquilino —¡de galego tan pouco doado!—, fai referencia á singular experiencia de ter lido os *Carmina* de Horacio na versión galega (1951) do poeta lugués:

*Inter semitas et virides colles,
ab Aquilini Iglesiae alacritate,
Horatium certe resonare audivi
lingua galaica.*

Como "galaicista" Gregorio San Juan é autor de traballos de diversa índole: senllos prólogos ás Historias de Galicia de Vicetto e Murguía, conferencias (nos Centros Galegos do País Vasco) sobre temas literarios e sobre a paisaxe galega...

5.- Gregorio San Juan, poeta en galego.


Quen lea o presente poemario decatarse de contado da súa dimensión civil, máis presente aquí que na súa poesía en castelán. ¿Por que? No poema IV o autor revélanos:

*Vou confesar que eu deprendín galego
pra falar cara a cara ó Dios de Curros,
o que, mirando ó chau dende o aleiro
da súa casa natal, por un burato,
alcontrouno mal feito.*

Non estrañe, pois, que, cando Gregorio San Juan se realiza como poeta cívico, recorra á lingua de Curros, poeta no que aprendeu, deslumbado, a gramática da protesta e da controversia. Algunha vez, sen embargo, o que acontece pode responder, quizais, a un proceso distinto: o poeta, en ocasións solicitado polas palabras galegas, polo universo peculiar do noso idioma (tal lle aconteceu a Anne Marie Morris), forxa os primeiros versos, forxados os cales todo fai supoñer que son o inicio dun poema civil: admitida a lingua, o emprego do galego levaríao, dun xeito case mecánico, á poética de Curros Enríquez.

Poema social é o primeiro, tanto que recorda, mesmo no título, un de Celso Emilio Ferreiro ("El hermoso rostro del país"), publicado no *Viaxe ó País dos Ananos* (1968). Se en Gregorio San Juan (1954), nunha paisaxe onde, á tardiña, "os piñeirales son d'ouro", as xentes teñen que emigrar, en Celso Emilio (1968), nunha Galicia de "húmedos e verdes campos", "a moceda fuxe dela/ en busca doutra terra/ onde o pan/ se pode comer sin bágoas".

Excelente poema este, aínda que non tan logrado como o II, "Homaxe a Rosalía no seu ceo", por certo a única composición deste poemario allea á musa civil. Recorda, nalgúns versos, algún poema rosaliano de Luís Pimentel. En calquera caso, trátase dunha



Quessada

meditación “in situ” (Padrón, cemiterio de Adina) sobre unha Rosalía de tristura e misterio: unha meditación e tamén a expresión da experiencia rosaliana do poeta que queda “arelante, mergullado... na señardá de edra e pedra”.

O poema III é un canto a Curros Enríquez, ó Curros poeta civil, ó Curros para quen a canción tiña que ser espada. Significativamente, este poema amósanos como lema un verso de Curros Enríquez (“Vates, crebade as liras”), verso que pertence a unha composición na que, unha vez máis, se proclama a necesidade da poesía belixerante.

Lemas semellantes “funcionan” nos poemas IV (Curros, de novo), V (Pondal) e VI (Manuel Bandeira). Son composicións con fragmentos de estimable poesía e de versos que, con frecuencia, posúen a “autofonía” esixible mesmo ós poetas alófonos. De tódolos xeitos, a certos lectores deste poemario, en gran parte civil, pode gustarlles máis o poema II, o menos civil de todos.

Ocasións hai, sen embargo, en que un prefire o I, o que fala de
a epopeia dun pobo
espallado nas tebras
dun tempo cego e xordo.

Sobre a lingua do poemario convén facer algunhas observacións. Estará no certo quen supoña que algúns poemas experimentaron,

pasados uns anos, certas modificacións lingüísticas, certos retoques. Téñase presente que os catro primeiros datan de hai 35 anos (1954, 1955, 1956) e que neste longo período o “galaicista” Gregorio San Juan, o afevoador lector de poesía galega foi mellorando o seu segundo idioma e foi contraendo usos idiomáticos que onte non existían ou escaseaban.

Cando en xaneiro de 1991 recibín este poemario, percibín non poucos versos, vindo dun alófono, de aceptable auto-fonía, de certa autenticidade idiomática. Se ben é certo que, aquí e alí, fíxenlle algún reparo, non hai pequeno retoque meu que non conte coa súa adhesión, unha adhesión que sempre explica e razoa. En tres folios da súa resposta (27-3-91) demostra ben ás claras que sabe reflexionar con tino sobre feitos lingüísticos nos que aínda hoxe tropezan escritores galegos (teísmo, lleísmo...). O lector atento das versións de hoxe detectará tal cal uso que non responde ós criterios de arestora: son as vellas lecturas que gravitan sobre o noso poeta. Nelas se formou, en boa parte, e son elas as que lle confiren un certo tipo de autenticidade.

Por se cómpre, debo aclarar que eu, verbo de Gregorio San Juan como poeta en galego, lonxe, moi lonxe de se-lo seu Guerra da Cal, non son, nin sequera, o seu Blanco-Amor.

SEIS POEMAS GALEGOS
E UN POLÍGLOTO

A GALICIA ANTERGA SOBREVIVE NAS FERMOAS PAISAXES DE HOXE
E NAS ESTRUCTURAS FEUDAIS QUE AÍND A PERMANECEN

A Alberto Míguez

*Era o silencio profundo
e a paz e a calma completa
(Ramón Cabanillas)*

Galicia anterga ven,
de súpeto, ós meus ollos.
Ruben, fiando, as brétemas
pola faldra dos cómaros,
enchen as corredoiras,
arrodean os picoutos,
riscan os tesos cumes
e os ríspidos petoutos.

De aló, da fonda tebra,
rexurde un lume morno
e sai o sol, tornando
as néboas, coma sono,
deixando ver, ó lonxe
un ceo limpo, enxoiado.

Pasa o vento xogar
asobiando nos choupos
unha cantiga ceibe
cangada de saloucos.

Canta un melro senlleiro
agachado nos toxos
e as nubens van veloces
polo ceo de outono
que esmorece a cachós.
Sacude o ar un lóstrego,
mentras no souto empeza
a bailada dos olmos.


As horas van caíndo,
mainiñas, nos rastollos,
enchendo de dozura

os piñeirais d'ouro.
Fumega un tren canseiro,
lonxe, cabe do bosco;
tren que vai ó progreso,
ós paraxes remotos,
levándose ós galegos,
coa anguria no seu lombo,
a Bilbao, a Madrid,
a Barcelona, ó porto
de Vigo, e d'alí a América,
ó mundo, nun arrouto
de vida e liberdade,
dous pulos mitolóxicos,
deixando nas aldeias
un silencio de loito.

Galicia, a mais belida,
expande o seu esforzo
de cote nunha ispida
recolleita sen froito.

Cada ún ó seu xeito,
cada quén ó seu modo,
vaíse escribindo arreo
a epopeia dun pobo
espallado nas tebras
dun tempo cego e xordo,
das súas diarias coitas,
seus íntimos reloucos:
cousas da vida, historias
pra Castelao, o noso.

Guitiriz, 3 de outubro de 1954



P. Pestana

HOMAXE A ROSALÍA NO SEU CEO

A Manuel Souto, meu mestre

*Padrón, Padrón,
Santa María, Lestrove...
(Rosalía de Castro)*

Padrón, Padrón, Santa María... digo
namentres cai a choiva quente e digo.

Pola veira do mar a serán morre.
Na outa fiestra un morno sol s'acende
que olla pra o maino Sar, que se emancipa.

As follas van caíndo dende sempre
pola orela do tempo. Van caíndo;
van enchendo de outono os meus poemas.
Cimiterio de Adina, onde coubo
seu corazón de estruga e altasebe.

A tarde chove sobor da tristura
e o balcón cheo de follas utonizas.

No señardá de edra e pedra mármore
fico arelante, mergullado, ouvindo
o latexante corazón da néboa.

Verdes as verdes terras labradoiras.
Verde o silencio da serán.

Escoita.

Doe inda a voz de Rosalía. Deixa
o corazón mollado sobre a terra.
Oe cantar os páxaros do día
por dentro da tua y-alma. E despois canta:
Padrón, Padrón, Santa María... E sempre.
Adiós. Adiós.

Padrón, 17 de Abril de 1954

A LENDA DO POETA

A Manuel María

*Vates, crebade as liras
(Manuel Curros Enríquez)*

Curros, o meu guieiro,
crebou a lira coas súas mans
sobre a testa dos caciques,
dos monifates,
dos cregos tridentinos,
do escribán de Cangas.

A vida ensinálle a desconfiar
dos anxos e arcanxos
que non teñen sombra
nin bulto humán,
e dos outros anxos
terrenais,
dos moinantes
que se bulran dos crentes
cada vez que lles falan
do máis alá.

Fixo todo o que poido
pra esquecer
ó Dios da cólera,
ó Dios das barbas revoltas
e iradas.

Tornou os ollos ó aldraxado,
ó que vai prá emigración,
ó Xesús do evanxeo:
aquil Xesús que daba graus de millo
ós xílgaros e ás gueivotas,
auga ós rapaces,
bicos ás mulleres do pobo.
Ollaba
e vía fondo na noite,
escoitaba na tebra.

Cando o poeta falaba,
a súa voz resoaba nos montoutos,
nos camiños,
nos currunchos;
enchía toda Galicia.

A morte sorprendeuno
coa pruma na mán,
inda que rexo,
baril,
ergueito
coma un carballo.

Cangas de Morrazo, 16 de xaneiro de 1955

A GABRIEL ARESTI, MEU AMIGO, RELEMBRÁNDOO, TRINTA ANOS DESPOIS, NA DOCISIMA FALA DO SEU DILECTO MANUEL CURROS

*A luz virá para a caduca Iberia
dos fillos de Breogán
(Eduardo Pondal)*

Ao reler *Pedra e pobo*, e o adicamento,
relembro os vellos días da amizade
e outros máis novos, os de aquela idade
de afirmaciós que se non leva o vento.

Cando pasou o do teu pasamento,
-isa que chaman a hora da verdade-,
adeviñei que o amor á liberdade
fórate consumindo a fogo lento.

Olla a túa poesía, xa que logo.
A casa do teu pai, cáseque un xogo
aberto a sanguíñentas teoloxías.

Mais a historia é tenaz. Un día a Iberia
chegará a luz. E a paz, tras tanta leria,
e alumeará as cidades e as campías.

Portonovo, 10 de xuño de 1988

DENDE O CHAU

A Xesús Alonso Montero

*Si eu fixen tal mundo...
(Manuel Curros Enríquez)*

Rosalía de Castro tiña un cravo
no corazón e un xílgaro nos beizos.

O seu canto xurraba, alporizado
de acedume, tristeiro.

ELA abríu canles novos
ó seu sangue, á súa fala, ó verso.

¿Sangue e fala non son a mesma cousa?

Vou confesar que eu deprendín galego
pra falar cara a cara ó Dios de Curros,
o que, mirando ó chau dende o aleiro
da súa casa natal, por un burato,
alcontrouno mal feito.

Chameino un día pra pedirlle contas,
Quixen que me axudara a compoñelo.

-Meu velliño, lle dixen,
tamén eu penso o mesmo.

O mundo que fixeches
emporcallouno o demo,
e temos que facer o que se poida
pra arrequentar o invento.

Atopeino doente, decaído,
vencido polos anos e o progreso.

-Cecais é tarde xa. Poida que as cousas
non teñan xa remedio.

Quixo ELA que fixeran a Xusticia

pola man os poetas. É ben certo
que os poetas maxinan cousas boas,
compre reconcelo,
mais poetas de aqueles quedan poucos.
¡Cómo pasan os tempos!
Din que non se fabrican xa fouciñas,
que desapareceron do comercio.
Dinme que o noso mundo está virado,
que non parece o mesmo.
Eu ben quixera compartir convosco
vosos ideais de xusticia, pero
nada podo facer, tendes de crerme,
poetas de nantronte, compañeiros.
¡Cánto o sinto, pois sei que o voso oficio
é pedir contas e berrar pró ceo!

Vino tan magoadado,
abaixado e maltreito,
que sentín cómo a anguria
me rubía no peito.

-Xa o sabedes. O Dios das barbas louras,
o Veciño de Enriba está tan vello
que xa non ouve apenas
e está cáseque cego.

Xa non ten apetito
e séntese moi soio nos seus eidos.
Teño a sospeita de que un día destes
vai morrer, que está xa no pasamento.

Pontevedra, 10 de xulio de 1956

REBELDÍA

A María do Carme Kruckenberg

*Não quero mais saber do lirismo que não é libertação
(Manuel Bandeira)*

Cada día téñoo mais craro:
pra falar cos deuses
e cos biosbardos,
pra decir o que sinto,
o que me pasa polos miolos
un día calquera,
a unha hora calquera
do día ou da noite,
tereí de escoller un idioma;
tereí de poñerme de acordo comigo,
decidir qué lingua sexa mais comenente
nese intre,
pra verquer meu desacougo,
pra tecer os meus versos.

Ben quixera falar no idioma
dos paxaros de California,
dos melros de Bretaña.
Cantar coma os galos de Al Andalus:
eles sí falan no idioma universal,
aunque tamén, si a mau ven,
gustárame deprender a fala dos mariñeiros
de Odessa,
dos boticarios da Molá Strana.

Non renuncio a imitar
ó neno de teta,
que non parola aínda,
mais dí as verbas precisas,
as verbas esenciais.
Dí cousas que teñen moito sentido
e que terán mais, sen dúbida,
si Dios permite que medre,
si non talla coas suas tixeiras
isa vida que ven tan louzana,
loura como a mese de xuño,
cangada de prometimentos.


Sí, terei de escoller a fala, porque a fala,
e con ela a poesía,
expresión do máis íntimo,
soio pode nacer da vontade,
dunha elección persoal,
xamais da imposición ou da vontade allea.

O poema,
iste e calquer outro,
é unha emanación da liberdade,
do ritmo disoluto.
E pode ser, tamén, un artefacto
de efecto retardado,
una xuntanza de verbas exprosivas
que estouparán
máis cedo ou máis tarde,
facendo saltar a lóxica,
perante os ollos estantíos
do sentido común.

Mais ¿cómo decir estas cousas,
eiquí, nesta serán de xuño,
mentres chove na mar mainiñamente?

Teréi de escribilas en galego
porque eu son soio un poeta,
un cidadán heterodoxo e rubuldón que se
queixa,
que non está de acordo
e quer cambear as cousas;
que quixera, se iso fora posibre,
cunhas poucas verbas
do íntimo,
descobrir, soñando
nesta soidá,
a beleza do mundo.

Portonovo, 27 de xuño de 1988



P. Pestana

SONETO EN QUE SE ESCUCHAN VOCES CRUZADAS
DEL ESTE Y DEL OESTE DE ESPAÑA,
QUE PONEN DE MANIFIESTO, EN SU DESNUDEZ,
LA RIQUEZA DE SU ALMA, UNA Y DIVERSA.

A Santiago Montero Díaz

*Cierra los ojos muy suave, Meabe,
pestaña contra pestaña.
Solo es español quien sabe, Meabe,
las cuatro lenguas de España.
(Gabriel Aresti)*

-Em parles de la llum i del ahir,
ciutat de les fraternes llunyanies.
La vida crema i jo no ho puc sentir
amb la passió mateixa d'aquells dies.

-Acadarei as pomas nas seráns
douradas polas outas galeirías
e inda recollerei coas miñas mans
o aroma do solpor nas romarías.

-Arribem a la nit on és el goig
saborós del no-res, aqueix fruit roig
que esclata en solitud, com fa l'espasa.

-As verbas quentes ruben prós camiños
do verso e nil axúntanse os veciños
a parolar como na propia casa.

*Sí, Así es, en efecto,
caro Gabriel Aresti. Como ves,
de las cuatro yo solo escribo en tres.
No soy aun el español perfecto.*

Bilbao, 14 de abril de 1969

I

• Alberto Míguez Alvarellos (A Coruña, 1940), polifacético e brillante xornalista, é o responsable do prólogo e da selección que, co título *El pensamiento político de Castela*, publicou en 1965 a editorial antifranquista de París “Ruedo Ibérico”. Foi procesado polo Tribunal de Orden Público, onde o defendeu, como avogado, Valentín Paz-Andrade. Míguez foi condenado por este Tribunal a seis meses de cadea e dez mil pesetas de multa (7-12-1966).

Alberto Míguez publicou na colección “Los protagonistas de la Historia”, que dirixiu G.S.J., unha biografía de Jean Paul Sartre.

• Son versos do poema de R. Cabanillas “O sábado na escola”, publicado por primeira vez na primeira edición de *Ventro mareiro* (Habana, 1915).

• En 1954 G.S.J. fixo as prácticas das Milicias Universitarias en Santiago (catro meses) e Parga (dous). Na vila próxima, Guitiriz, escribiu este poema.

II

• Este poema, tamén de 1954, escrito en Padrón (¿na casa de Rosalía?), non é inédito. Foi publicado en:

- San Juan, G., *Arte menor*, Bilbao, 1962, pp. 22-23 (verbo desta, a versión de hoxe contén modificacións de certa importancia).
- San Juan, G., *De su jornada*, Ediciones de la Sociedad El Sitio, Bilbao, 1990, p. 30 (algúna variante).
- Blanco, José Ramón (ed.), *Poesía en Bilbao. Una antología de la poesía actual de Bilbao en castellano*, Laida, Bilbao, 1991 (só rexistro esta modificación, no v. 8: “hastra amorrar de ou

tono os meus poemas” — “van enchendo de outono...”).

• Manuel Souto Vilas (Arzúa, 1903 - Bilbao, 22-4-1975) foi catedrático de Filosofía en Institutos de Ensino Medio. No de Bilbao explicou esta materia -e Latín- a G.S.J.

O 14 de marzo de 1931 asinou o manifesto “La conquista del Estado” con Ramiro Ledesma Ramos, Ernesto Jiménez Caballero, Juan Aparicio, Francisco Mateos (pintor), Ramón Iglesias Parga (sogro do noso poeta)... “Mi suegro y Mateos, el pintor, acabaron en el Partido Comunista” (carta do 23-3-91_. Autor de varios libros (sobre Platón, sobre a teoría dos sindicatos, etc.), estudiara dous anos en Friburgo con Heidegger e fixera a súa tese de doutoramente sobre Hegel (“Ortega dijo que era el único español que lo había entendido”, id.).

“Fue mi profesor de Filosofía en el Instituto... a quien debo mucho en mi formación y mi interés por la Filosofía”.

• Os versos “Padrón, Padrón...” non son, en boa lei, de Rosalía de Castro. De feito compoñen unha cántiga popular coa que Rosalía inicia e pecha o seu poema. Pertence este ó libro *Follas novas* (1880).

III

• Manuel María (Outeiro de Rei, 1929) é un dos poetas importantes da Posguerra. Moi presente nas nosas Letras desde que publicou o seu primeiro libro (*Muiñeiro de brétemas*, 1950), ten cultivado outros xéneros, especialmente o teatro.

• O verso “Vates, crebade as liras” é o oitavo do poema “¡Crebar as liras!” publicado na 2ª edición de *Aires da miña terra* de Curos Enríquez (1881).

IV

• Xesús Alonso Montero (Vigo, 28-11-

1928) ten adicado unha parte non pequena do seu labor de estudioso a Curros Enríquez: o seu primeiro artigo en revista (col. Grial, n.º 3, 1951), a súa tese de doutoramente (1966), a edición anotada do *Divino Sainete* (1969), preparación da *Obra Galega* (1989), prólogos, conferencias...

- “Si eu fixen tal mundo...” reproduce o 1º verso do derradeiro “refrán” do poema de Curros “Mirando á chau (Imitación de Béranger)”, de *Aires da miña terra* (1880). O “refrán” completo é: “Si eu fixen tal mundo/ que o demo me leve”. Repárese no título deste poema de G.S.J.: “Dende o chau”.

V

- Publicado, como apéndice, no artigo “Gabriel Aresti treinta y cinco años atrás: una vocación firme entre Manuel Curros Enríquez y Tomás Meabe”, *Surgai*, Bilbao, 1990.

- Gabriel Aresti Seguro (Bilbao, 1933-id., 5-6-1975) pasa por ser un dos grandes renovadores da poesía vasca da Posguerra, sobre todo co libro *Harri eta Herri* (1964); é importante tamén a súa obra teatral. Juan San Martín, Secretario da Academia da Lingua Vasca, e outros críticos subliñan os acertos lingüísticos de quen foi, realmente, un “eusqueldunberri”.

Para algún crítico algunhas páxinas de *Harri eta Herri* (Pedra e Pobo) recordan certos poemas de *Longa noite de pedra* de Celso Emilio Ferreiro, libro anterior en dous anos ó de Aresti.

- En efecto, Aresti foi admirador e devoto da poesía de Curros, do cal traduciu, ó eusquera, algunhas composicións.

Sexa o propio G.S.J. quen conte a relación de Aresti co noso gran poeta civil: “Yo llevé a Gabriel la primera noticia de este poeta. Yo le presté los *Aires da miña terra*, pri-

meramente en la edición de Emecé de Buenos Aires... Y le mostré las traducciones que yo había hecho al castellano de los poemas «Mirando ó chau», de la «Introducción» y de los primeros y del último cantor de *O divino sainete* (...) Tanto entusiasmo despertó en él que hizo propósito de traducir al vascuence todo ello. Recuerdo que algunos años más tarde me enseñó la versión del primer canto del *Sainete*. Lo demás no sé si lo llevó a cabo (...) en una entrevista que nos hizo el diario *Hierro* recuerdo que dijo que Curros era el primer poeta del mundo...” (“Gabriel Aresti...”).

- O interese de Aresti pola literatura galega, que inicia con Curros, chega a outros escritores. Vexámolo polo procedemento “obras son amores”:

- a) Traduccións, na súa artesanal Kriselu, do *Catecismo do labrego* de Valentín Lamas Carvajal.

–*Catecismo del labriego*, Kriselu, Bilbao, 1969 (pról. de X. Alonso Montero). Colaborou na versión Carlos Martínez Alonso.

–*Nekazariaren dotrina*, ib. (pról. do mesmo Aresti).

- b) Traducción vasca en edicións polilingües.

– Federico García Lorca, *Seis poemas galegos*, Akal Editor, col. Arealonguiña, Madrid, 1974 (pról. de X.A.M.).

Traductores: G. Aresti (eusq.), Ánxel Fole (cast.) e Ricard Salvat (cat.).


– Castelao, *Nós*, Júcar, Madrid, 1974 (pról. de X. Alonso Montero).

Traductores dos pés dos debuxos: G. Aresti (eusq.), A. Buero Vallejo (cast.), R. Salvat (cat.).

– Valentín Paz-Andrade, *Pranto matricial*, Edicións do Castro, 1975.

Traductores: G. Aresti (eusq.), María de Villarino (cast.), Francesc Vallverdú (cat.), Guilherme de Almeida (port.).

O propio G.S.J. precisa que, cos poetas galegos, “mantuvo una relación cordial unos



Santiago Mayer

años después”, sobre todo con Manuel María, “aunque el gallego con quien máis relación tuvo fue, sin duda, Xesús Alonso Montero” (art. cit., p. 21). Noutra páxina estampa: “Creo que en la creación poética de G.A. influyó decisivamente la lectura de *Longa noite de pedra* de Celso E. Ferreiro” (p. 24).

Sobre o poeta vasco publiquei dous breves traballos: a voz correspondente na *Gran Enciclopedia Gallega* e o artigo “Requiem por G.A.”, *El Progreso*, Lugo, 14-6-1975 (logo recolleito no vol. *Lingua, literatura e sociedade en Galicia*, Akal, Madrid, 1977).

- Os dous versos de Pondal que figuran como lema son os versos derradeiros do poema “Non cantes tan tristemente”, publicado en *Queixumes dos pinos* (1886).

- Verso 1.-

A adicatoria, no seu exemplar de *Harri eta herri* (1964), reza así: “A Gregorio San

Juan, co-poeta, amigo, co-luchador por unas patrias mayores”.

- Versos 9, 10 e 11.-

Son versos nos que cuestiona claramente o poema máis famoso de Aresti: “Nire aitaren etxea/ defendituko dut” (“Defenderei a casa do meu pai”). No artigo que vimos citando G.S.J. aclara: (Anos despois) “Nos separó el nacionalismo... Yo me había interesado por el mundo del vascuence como un ejercicio de comprensión, para emplear la terminología de Latín, pero lo que algunos querían establecer no era la comprensión sino el exclusivismo, la cerrazón y la intolerancia”. Noutro artigo, este de 1986, “El mito de la casa del padre”, xulga “Nire aitaren...” como un poema reaccionario, poema, por outra parte, utilizado por non poucos como bandeira da insolidariedade. G.S.J. conclúe: “Una lectura atenta del poema nos transporta en efecto, a la sociedad estamental del Anti-

guo Régimen...” (*El Correo Español- El Pueblo Vasco*, 6-11-1986).

Certamente, a sona do poema é grande, e moi poucos no mundo teñen sido obxecto de tantas traducións. En Tubinga (Alemaña) publicou Patxi Oroz Arizkuren, en 1983, unha edición en 17 linguas (cast., port., cat., fr., it. ...), versións das que me valín para facer unha ó galego que publiquei no *Faro de Vigo*. Nun traballo de José A. Arana Martija, de 1985, afírmase que o poema foi traducido a 350 idiomas. É neste traballo onde unha das consideracións quizais non desinterese a G.S.J.: “El término más crítico, más peligroso -en el sentido retórico- había de resultar «justizia» (de «justiziren kontra», ‘contra la justicia’). En muchas lenguas, y diría que en la mayoría, ha sido imposible mantener la doble acepción de “virtud que inclina a dar a uno lo que le pertenece” y “tribunal que ejerce justicia” (...) Algunos traductores han seguido la cómoda y segura senda de la «intentio facilior», modificando, acaso sin necesidad, «justiziren» en «injustiziren»” (“Gabriel Arestiren «Nire aitaren...» 350 hizkuntzetara itzulia”, *Euskaltzaindia*, Bilbao, 1985 -en ed. bilingüe-, p. 550).

VI

- María do Carme Kruckenberg Sanjurjo (Vigo, 1926) é autora, no eido da poesía, de cinco libros en galego e nove en castelán. Eu escribín sobre esta escritora un extenso artigo para a *Gran Enciclopedia Gallega* e un prólogo para o seu último libro en galego (*Cantigas para un tempo esquencido*, Edicións do Castro, 1986), ademais dunha nota, en *Faro de Vigo*, sobre *12 cantigas de amigo a Ramón González Sierra do “Pampillón”*, (Vigo, 1972).

Sobre esta autora comunícame en carta G.S.J.: “Este poema se lo voy a dedicar a Mari Carmen Kruckenberg, si lo acepta. Con Mari Carmen me crucé unas cartas hace muchos, muchos años. La descubrí oyendo su voz en un disco con las *Cantigas do vento* y

Canaval de ouro. Me envió parte de su obra que, luego, yo he completado ratoneando por esas librerías de dios. Desde sus libros me animaba a mantener el contacto con el gallego y la poesía. En una ocasión di una conferencia en el Centro Gallego de Bilbao sobre los poetas hodiernos y dediqué mucho espacio a su obra. Me aprendí de memoria muchos de sus poemas, sobre todo sus canciones con sabor a Martín Codax o a Gil Vicente. Pero también otros de los suyos hondos, desgarrados, como los de su libro *Poemas inevitables*. Siempre me interesó su poesía...” (23-3-1991).

En efecto, existe (¿desde 1961?) un disco con poemas de M.C. Kruckenberg recitados por ela mesma (RCA, 3.L. 15.008).

- As palabras do poeta brasileiro Manuel Bandeira figuran, con outras de Salvatore Quasimodo (en versión galega), como lema do libro *Longa noite de pedra* (1962) de Celso E. Ferreira. Quizais as toma de aquí G.S.J.

- Escrito en Portonovo o 27 de xuño de 1988. Días antes propiciara eu en Vigo a primeira conversa entre os dous poetas.

POEMA POLÍGLOTO

- Publicado moi recentemente en *Poesía en Bilbao...* (Laida, Bilbao, 1991, pp. 228-29), ed. ó coidado de José R. Blanco.

- Santiago Montero Díaz (Ferrol, 1911-Madrid, agosto, 1985), personalidade polifacética, extraordinario conferenciante, catedrático de Historia Antiga na Universidade Central de Madrid, tivo unha biografía política que debería ser estudada con respecto (comunismo, jonsismo, un certo franquismo, antifranquismo practicante). Que eu saiba ninguén na prensa galega se pronunciou sobre el co gallo da súa morte. Eu publiquei un breve artigo no *Faro de Vigo* (24-8-1985).

G.S.J. faime en carta unha semblanza entusiasta de Montero Díaz como conferenciante, profesor e historiador: “Un verdadero sabio que se desperdigó en cosas menores y no hizo la gran obra histórica que estaba predestinado a hacer” (23-3-91). G.S.J. ten a súa razón.

A muller de G.S.J., María Fernanda Iglesias Lesteiro, pontevedresa (filla de Ramón Iglesias Parga, santiagués, historiador exiliado que se suicidou nos Estados Unidos en 1948), foi profesora axudante da cátedra de Montero Díaz; hoxe é bibliotecaria -semirre-presaliada por “españolista”- na Universidade do País Vasco.

Durante algúns anos a relación entre Montero Díaz e G.S.J., foi de certa intensidade: “El me conectó con gentes como Santiago Amón, Alberto Míguez, García Calvo, etc. Me escribió, para una colección que yo dirigí, «Los protagonistas de la historia», un espléndido fascículo sobre Juliano el Apóstata” (23-3-91).

• Os catro versos -en castelán- de G. Aresti figuran na portada exterior do volume, por el editado e arranxado, *14 fábulas...*

de Tomás Meabe (Kriselu, Bilbao, 1968). Trátase dunha edición tetralingüe española na que os tradutores son: X. Alonso Montero (gal.), G. Aresti (eusq.), e R. Salvat (cat.).

Tomás Meabe (Bilbao, 1879 - Marid, 1915), nacionalista vasco nun principio, foi, ó non comparti-los aspectos reaccionarios de Sabino Arana, un destacado socialista. G.S.J. é autor de varios artigos sobre Meabe e dun poema titulado “Parábola de Tomás Meabe, el sembrador”.

• En efecto, G.S.J. non chegou a escribir en eusquera, se ben é lingua na que posúe un certo dominio. Quero facer constar que revisou a traducción castelá de *Las cien mejores poesías de amor de la lengua vasca* (Editorial La Gran Enciclopedia Vasca, Bilbao, 1975). No art. de 1989 G.S.J. lembra: “Yo había descubierto, como he dicho, el gallego en mi temprana adolescencia y poco más tarde el catalán, y estaba intentando asomarme -esto, ciertamente, por influencia de Aresti- al vascuence...”. Determinados planteamentos nacionalistas impediron que G.S.J. protagonizase un achegamento lingüístico máis íntimo e comprometido.